



## Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de  
Fin de Grao

Estratexia Europa 2020:  
Obxectivo pobreza

Galicia no contexto español  
e europeo

Venancio Serrano Lorenzo

Xuño 2019

## Resumo

O presente Traballo de Fin de Grao, que consta de 9.997 palabras, estuda o obxectivo pobreza encadrado na Estratexia Europa 2020. Dende os anos 70 do século XX, as institucións europeas foron aplicando diferentes plans de loita contra a pobreza até a actual estratexia desta década, a cal procura un crecemento “intelixente, sostible e integrador”.

Os cinco principais obxectivos da Europa 2020, entre os que se atopa rescatar da pobreza a máis de 20 millóns de persoas en comparación co ano 2008, están complementados cunha serie de mecanismos de control tanto a nivel europeo como nacional. Para medir o obxectivo pobreza, Europa 2020 utiliza un indicador multidimensional produto da transformación que experimentou ao longo das décadas a definición de pobreza: a taxa AROPE. Este indicador ten en conta os seguintes tres factores: risco de pobreza, privación material severa e baixa intensidade laboral do fogar.

As principais fontes de datos utilizadas para medir os diferentes obxectivos da estratexia proveñen, a nivel comunitario, do Eurostat e a nivel nacional, do INE. A partir deses datos, así como tamén os elaborados polo IGE, realizaremos unha análise da situación galega en canto á pobreza aplicando o indicador AROPE.

Ademais de analizar a situación de cumprimento dos obxectivos propostos na Europa 2020, encadraremos a Galicia tanto a nivel europeo como español. Analizaremos as diferentes compoñentes desta taxa, así como as características da poboación que máis sofre a situación de pobreza, dende o seu xénero até o seu lugar de residencia. Salientamos unha diferente intensidade da AROPE entre o norte e o sur tanto a nivel comunitario como estatal, seguindo Galicia un comportamento parello ó da UE e das comunidades autónomas do seu redor, e contando sistematicamente cunha taxa AROPE por debaixo da media española.

# Índice

<b>Resumo</b> .....	<b>2</b>
<b>Índice</b> .....	<b>3</b>
<b>Índice de acrónimos e siglas</b> .....	<b>5</b>
<b>Índice de táboas</b> .....	<b>6</b>
<b>Índice de gráficas</b> .....	<b>7</b>
<b>Índice de mapas</b> .....	<b>8</b>
<b>Introdución</b> .....	<b>9</b>
<b>Desenvolvemento do traballo</b> .....	<b>11</b>
1    Contextualización da EU2020 .....	11
1.1    Antecedentes no marco europeo .....	11
1.2    Prioridades de crecemento .....	13
1.3    Aqitectura da EU2020 .....	14
1.3.1    Obxectivos xerais .....	14
1.3.2    Implantación nos Estados membros .....	15
2    Obxectivo pobreza na EU2020 .....	16
2.1    Conceptos de pobreza ou exclusión social .....	17
2.2    A taxa AROPE e as súas compoñentes .....	18
2.3    Base de datos .....	20
2.4    Críticas metodolóxicas á AROPE .....	20
3    Pobreza ou exclusión social en Galicia .....	21
3.1    España e Galicia no contexto europeo .....	22

3.2	Galicia no contexto estatal .....	24
3.2.1	Taxa AROPE.....	24
3.2.2	Compoñentes da taxa AROPE.....	27
3.3	Caracterización da pobreza en Galicia .....	30
3.3.1	Retrato da poboación pobre .....	30
3.3.2	Dimensión territorial.....	33
	<b>Conclusións, limitacións e ampliacións .....</b>	<b>36</b>
	<b>Bibliografía.....</b>	<b>38</b>

# Índice de acrónimos e siglas

<b>AROPE</b>	At risk of poverty or social exclusion
<b>BILF</b>	Baixa intensidade laboral do fogar
<b>CC.AA.</b>	Comunidades autónomas
<b>CEE</b>	Comunidade Económica Europea
<b>ECV</b>	Encuesta de Condiciones de Vida
<b>EEF</b>	Enquisa Estrutural a Fogares
<b>EU-LFS</b>	European Union Labour Force Survey
<b>EU-SILC</b>	European Union Statistics on Income and Living Conditions
<b>EU2020</b>	Estratexia Europa 2020
<b>Eurostat</b>	Statistical Office of the European Communities
<b>I+D</b>	Investigación e desenvolvemento
<b>IDH</b>	Índice de Desenvolvemento Humano
<b>IGE</b>	Instituto Galego de Estatística
<b>INE</b>	Instituto Nacional de Estadística
<b>IPH</b>	Índice de Pobreza Humana
<b>Lp</b>	Limiar de pobreza
<b>NUTS</b>	Nomenclature of Territorial Units for Statistics
<b>ONU</b>	Organización das Nacións Unidas
<b>PEC</b>	Pacto de Estabilidade e Crecemento
<b>PIB</b>	Produto Interior Bruto
<b>PMS</b>	Privación material severa
<b>PNR</b>	Programa Nacional de Reformas
<b>PNUD</b>	Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento
<b>RP</b>	Risco de pobreza
<b>UE</b>	Unión Europea

# Índice de táboas

Táboa 1. Cronoloxía dos plans europeos de loita contra a pobreza .....	12
Táboa 2. Prioridades de crecemento e iniciativas emblemáticas da EU2020 .....	15
Táboa 3. Situación en 2017 dos obxectivos españois na Estratexia Europa 2020 .....	16
Táboa 4. Ítems de consumo básico considerados na PMS da taxa AROPE .....	19
Táboa 5. Poboación AROPE (en millares) nos países da Unión Europea (2008-2017) .....	22
Táboa 6. Evolución da AROPE (%) nas NUTS 1 e NUTS 2 españolas (2008-2017) .....	25
Táboa 7. RP, PMS e BILF (%) por comunidades autónomas (2008-2017) .....	28
Táboa 8. AROPE galega (%) segundo base de datos (2011-2017) .....	30
Táboa 9. AROPE (%) segundo grupos de idade en Galicia (2011-2017) .....	31
Táboa 10. AROPE (%) por tipoloxía de fogar en Galicia (2011-2017) .....	32
Táboa 11. AROPE (%) segundo provincias e áreas galegas (2011-2017) .....	34
Táboa 12. AROPE (%) segundo habitantes e cidades galegas (2011-2017) .....	35

## Índice de gráficas

Gráfica 1. Evolución da AROPE (%) na UE-28, Eurozona-19, España e Galicia (2008-2017).....	24
Gráfica 2. Variación da AROPE (%) de NUTS 1 (2008-2017) e comparativa con España (2017)..	26
Gráfica 3. Variación da AROPE (%) de NUTS 2 (2008-2017) e comparativa con España (2017)..	26
Gráfica 4. Evolución das compoñentes da AROPE (%) en España e Galicia (2008-2017).....	29
Gráfica 5. Evolución da AROPE (%) en Galicia segundo sexo (2011-2017) .....	31
Gráfica 6. Evolución da AROPE (%) en Galicia por nivel de estudos (2013-2017).....	32
Gráfica 7. Evolución da AROPE (%) en Galicia por nacionalidade (2011-2017) .....	33

## Índice de mapas

Mapa 1. AROPE (%) nos países da Unión Europea (2017) .....	23
Mapa 2. AROPE (%) por comunidades autónomas (2017) .....	27
Mapa 3. Comparativa da AROPE (%) por áreas galegas (2011 e 2017).....	35



# Introdución

A planificación estratéxica resulta de grande importancia á hora de realizar futuribles proxectos, tanto no eido económico-empresarial como no persoal. A loita contra a pobreza ou exclusión social, que é a temática que abrangue este Traballo de Fin de Grao, non é unha excepción. Esta lacra social, acentuada polos anos de crise económica, continúa moi presente nas sociedades española e galega, restrinxindo a capacidade de desenvolvemento das mesmas. Polo tanto, precísase a implantación de eficaces instrumentos que permitan mitigar este fenómeno.

Dende os anos 1970 desenvolvéronse dende as institucións europeas diferentes plans de loita contra a pobreza, pasando pola Estratexia de Lisboa, que chegaron até o momento á Estratexia Europa 2020 (EU2020). No entanto, as diferentes propostas non lograron alcanzar cadansúas metas, consecuencia tanto da falta de apoio económico e institucional como da fixación de obxectivos que se demostraron dificilmente alcanzables.

De feito, un elemento chave nas estratexias é a fixación de elementos de control do cumprimento dos obxectivos propostos. Ao longo das últimas décadas traballouse en indicadores que recolleran dunha mellor maneira esta realidade, debido á heteroxeneidade existente tanto en metodoloxía como en fontes utilizadas. Centrándonos no caso galego, sinalan García, Sánchez e Vaamonde (2007) que é na década dos noventa cando proliferan diversas publicacións que analizan a problemática da pobreza, principalmente dende o ámbito da universidade e de organizacións públicas e privadas. Os estudos realizados anteriormente consistían basicamente en sinxelas análises descritivas e causais.

A Unión Europea (UE) acordou utilizar para medir o obxectivo pobreza na Europa 2020 o indicador multidisciplinal AROPE, que recolle a poboación que cumpre polo menos un dos seguintes tres criterios: risco de pobreza, privación material severa e baixa intensidade laboral do fogar. No ámbito internacional, destacaremos que a Organización das Nacións Unidas (ONU), a través do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) leva medindo os niveis de pobreza, así como outros ítems, a través do Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) ou do Índice de Pobreza Humana (IPH) dende os anos 90 do século XX.

Neste traballo revisaremos os antecedentes e determinación dos obxectivos da Europa 2020, continuando no segundo capítulo co obxectivo pobreza, medido a través da taxa AROPE. Finalizarase o traballo cunha análise da situación en Galicia con respecto a España e a UE, así como as principais características da pobreza galega, tanto en termos persoais como espaciais, utilizando a AROPE.

# Desenvolvemento do traballo

## 1 Contextualización da EU2020

Neste capítulo inicial realizaremos un percorrido sobre os diferentes plans de accións europeos de loita contra a pobreza até chegar á Estratexia Europa 2020. Deterémonos nesta estratexia para concretar os diferentes obxectivos que se estableceron, así como os mecanismos de control cos que conta para o seu cumprimento.

### 1.1 Antecedentes no marco europeo

A loita contra a pobreza ou exclusión social non sempre foi unha prioridade para as institucións europeas. Aínda que o artigo 2 do Tratado de Roma recollía como unha das misións da Comunidade Económica Europea (CEE) “promover un desenvolvemento continuo e equilibrado da actividade económica”, unido a “unha mellora cada vez máis rápida dos estándares de vida dos cidadáns” (Communauté Économique Européenne, 1957, p. 15), a política social era residual. Considerábase que a integración económica favorecería un crecemento económico que, despois, repercutiría nun avance social (Cerviño, 2016).

Non sería até os anos 70 do século XX, no contexto da crise do petróleo, cando aparece a primeira referencia explícita á loita contra a pobreza. Produto do Cumio de París de 1972, a naquel entón CEE promoveu un programa de acción social<sup>1</sup> pioneiro que sería o xerme para vindeiros plans de loita contra a pobreza (Consejo de las Comunidade Europeas, 1974).

Estes primeiros programas apenas contaron con desenvolvemento efectivo. De feito, até ese pioneiro programa, non había consenso dentro do seo da Comunidade Europea sobre

---

<sup>1</sup> Destaca Roldán (1992) que este programa constou de dúas fases, 1975-1976 e 1977-1979. As sucesivas ampliacións permitiron que os traballos dos diversos proxectos finalizaran en 1981.

unha definición de pobreza (Arriola, 2014), cuestión sobre a que se traballou durante eses anos.

Ademais, aínda que a partir de diversas fontes estatísticas e enquisas a fogares se puideron realizar as primeiras estimacións do número de persoas consideradas pobres, non se contou con estatísticas a nivel comunitario até os anos 90 do século XX (Arriola, 2014). No entanto, o Consejo Económico y Social (2017) indica que non se deben menosprezar os pasos que se deron en termos de obxectivos políticos, métodos de coordinación, estatísticas e indicadores.

Os programas sucedéronse até o ano 1995, cando a xa Unión Europa non continúa cos mesmos, alegando que a loita contra a pobreza debía ser encabezada polos Estados membros e as autoridades nacionais, rexionais e locais. Ademais, recoñeceu que os programas non contaron coa vocación nin os medios para atallar a situación (Comisión de las Comunidades Europeas, 1995).

Táboa 1. Cronoloxía dos plans europeos de loita contra a pobreza

1975-1981	Programa de acción social
1985-1988	Acción comunitaria específica de loita contra a pobreza
1990-1994	Programa comunitario para a integración económica e social dos grupos menos favorecidos “Pobreza 3”
2000-2009	Estratexia de Lisboa
2010-2019	Estratexia Europa 2020

Fonte: Elaboración propia.

Europa retomaría a axenda europea de loita contra a pobreza a través da Estratexia de Lisboa, que tiña como ámbito temporal a primeira década do século XXI. Conscientes dos cambios que estaba a provocar a globalización, a Estratexia de Lisboa pretendía sentar as bases para a transición a unha economía competitiva, dinámica e baseada no coñecemento. Polo tanto, fixouse como obxectivo estratéxico “converterse na economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, capaz de crecer economicamente de maneira sostible con máis e mellores empregos e con maior cohesión social” (Consejo de la Unión Europea, 2000, p. 2).

A Estratexia de Lisboa plantexou unha serie de obxectivos e recomendacións aos Estados membros que pretendían a erradicación da pobreza<sup>2</sup> dentro da aplicación doutras políticas da Estratexia (Consejo Europeo, 2000). A pesar deste obxectivo tan ambicioso, non se plantexan compromisos explícitos ou mecanismos comunitarios de seguimento. A Estratexia de Lisboa delegou nos socios comunitarios o deseño das políticas a levar a cabo, polo que a Comisión Europea limitouse a realizar labores de coordinación (Arriola, 2014).

A pesar do forte crecemento económico experimentado por Europa antes do estoupido da crise económica de 2008, os niveis de pobreza continuaron a ser elevados. Faura, García e Lafuente (2016a) destacan que, unido á crise económica, a ampliación europea cara os países

<sup>2</sup> Resaltamos que entre os obxectivos da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible da ONU recóllese tamén o fin da pobreza.

do leste (iniciada no 2004) e o novo marco institucional do Tratado de Lisboa (firmado no 2007) provocou a obsolescencia da Estratexia de Lisboa.

O fracaso de Lisboa evidenciou a necesidade dunha política social forte que lograra reducir as estatísticas de pobreza (Consejo Económico y Social, 2017). Coincidindo co ano europeo de loita contra a pobreza ou exclusión social, en 2010 entra en vigor unha estratexia política sucesora da anterior: a Estratexia Europa 2020.

## 1.2 Prioridades de crecemento

A Estratexia Europa 2020 nace no contexto dunha grave crise económica e financeira (a peor dende a Gran Depresión dos anos 30 do século XX) que se estendería durante boa parte da década presente. José Manuel Durão Barroso, presidente da Comisión Europea de 2004 a 2014, sinala na Comunicación de Europa 2020 (Comisión Europea, 2010) algunhas chaves sobre a situación no 2010: aumento espectacular do desemprego, xeración dunha débeda excesiva e presións sobre a cohesión social (poñendo o foco sobre cuestións fundamentais ás que se tiña que enfrontar a economía europea). Porén, alerta que a situación internacional podería relegar a Europa a unha posición secundaria na nova orde mundial que se avexiña.

Os Xefes de Estado e de Goberno chegan a un primeiro acordo sobre o marco dos principais elementos, obxectivos e mecanismos de supervisión no Consello Europeo celebrado en marzo de 2010. A Estratexia sería adoptada definitivamente no Consello de xuño do mesmo ano.

Europa precisa actuar de maneira colectiva, tendo en conta as diferentes necesidades, puntos de partida e especificacións nacionais (Comisión Europea, 2010). No entanto, ese crecemento non se debe alcanzar de calquera maneira, polo que Europa 2020 propón tres prioridades que se reforzan mutuamente:

- Crecemento intelixente
- Crecemento sostible
- Crecemento integrador

Sinala a Comisión Europea (2010) que estas tres prioridades pretenden ofrecer unha imaxe da economía social de mercado de Europa para este século XXI. O crecemento futuro debería fundamentarse na consolidación do coñecemento e a innovación, debendo actuar en investigación e desenvolvemento (I+D), educación, formación e fomento da sociedade dixital. Para isto, Europa 2020 destaca como prioridade transversal promover unha economía que utilice de maneira máis eficaz os recursos dispoñibles, procurando obter así vantaxes competitivas. Polo tanto, a competitividade debe ir ligada necesariamente á loita contra o cambio climático, utilizando enerxías cada vez máis limpas.

No entanto, este crecemento intelixente e sostible non pode deixar a certos sectores da sociedade atrás. Débese poñer o foco nas persoas, promovendo unha economía con altos niveis de emprego (modernizando os mercados laborais e os sistemas de protección social), investindo en cualificacións e loitando contra a lacra da pobreza.

## 1.3 Arquitectura da EU2020

A Comisión Europea (2010) foi consciente de que as tres prioridades de crecemento (intelixente, sostible e integrador) deberían cristalizar en cuestións máis concretas e referencias nítidas para así poder avaliar a evolución da Estratexia. Polo tanto, decidiuse que Europa 2020 se organizara en torno a propostas temáticas e controis por país sobre a base dos instrumentos de coordinación xa existentes.

### 1.3.1 Obxectivos xerais

Tendo en conta as visións de crecemento xa indicadas, débese reflectir as diferentes situacións dos Estados membros baseándose en datos suficientemente fiables a efectos comparativos (Comisión Europea, 2010). Procurando isto, o Consello Europeo acordou os principais obxectivos a levar a cabo pola Unión Europea durante a presente década:

- Alcanzar un índice de ocupación do 75% entre a poboación comprendida entre os 20 e os 64 anos, incrementando a participación de mulleres, xuventude e traballadores de maior idade.
- O nivel combinado de investimento público e privado en I+D debe alcanzar o 3% do Produto Interior Bruto (PIB) da Unión Europea.
- Reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 20% con respecto aos niveis de 1990, ou nun 30% se outros países se comprometían a unhas reducións comparables<sup>3</sup>. Ademais, débese incrementar até o 20% a proporción de enerxías renovables no consumo final de enerxía e avanzar nun aumento do 20% no rendemento enerxético<sup>4</sup>.
- Mellorar os resultados educativos, situando a porcentaxe de abandono escolar no 10% e a da poboación entre 30 e 34 anos que finaliza a ensinanza superior no 40%.
- Rescatar da pobreza a 20 millóns de europeos con respecto ó 2008<sup>5</sup>.

Débese recordar que a Comisión Europea (2010) indica que estes obxectivos non se deben tomar de maneira exhaustiva, senón que pretenden representar unha visión xeral de onde pretende a Unión Europea que se sitúen os parámetros chave no ano 2020, xa que cada Estado membro é diferente e a UE dos 27 é máis diversa que a da década pasada. No entanto, considérase que as metas son igualmente pertinentes para todos os Estados membros, aínda que acabaran de ingresar dentro da Unión. Na seguinte táboa recóllense as diferentes iniciativas emblemáticas propostas pola Unión Europea, que pretenden catalizar os avances en cada tema prioritario (Comisión Europea, 2010).

<sup>3</sup> A UE comprometeuse finalmente na Conferencia de París sobre o Clima a unha redución do 40% con respecto a 1990 para o ano 2030 (European Commission, 2015).

<sup>4</sup> Este obxectivo tamén se denota como “Obxectivo 20/20/20”.

<sup>5</sup> Tómase como referencia o 2008 porque a maior parte dos principais indicadores sociais dispoñibles en 2010 estaban referidos a ese ano (Eurostat, 2018).

Táboa 2. Prioridades de crecemento e iniciativas emblemáticas da EU2020



Fonte: Elaboración propia a partir da Comisión Europea (2010, p. 34).

### 1.3.2 Implantación nos Estados membros

Tendo en conta as particularidades propias de cada Estado, a Comisión propuxo que os obxectivos indicados no anterior subapartado se traduciran en obxectivos e traxectorias nacionais. Isto permite reflectir a situación actual de cada Estado membro e o seu nivel de ambición como parte dun esforzo máis amplo da UE (Comisión Europea, 2010). Como non pode ser doutra maneira, os esforzos da UE e os esforzos nacionais deben reforzarse mutuamente.

Os informes por país non só abarcarían a política fiscal, senón tamén aspectos macroeconómicos relacionados co crecemento e a competitividade, como as finanzas públicas, as pensións, o emprego, a educación ou a innovación. Os informes sobre EU2020 e a avaliación do Pacto de Estabilidade e Crecemento (PEC) preséntanse simultaneamente co obxectivo de reunir medios e obxectivos, pero os instrumentos mantéñense por separado, así como a integridade do PEC (Comisión Europea, 2010).

No caso español, tanto o Programa Nacional de Reformas (PNR) como o Programa de Estabilidade preséntanse no mes de abril de cada ano. A Comisión Europea, o Consello e o Eurogrupo analizan e avalían pormenorizadamente estes programas económicos e estruturais dos Estados membros co obxectivo de coordinar as políticas económicas nacionais, ofrecendo recomendacións para os seguintes 12-18 meses.

De maneira paralela, a Statistical Office of the European Communities (Eurostat) elabora anualmente o informe *Smarter, greener, more inclusive?* no que se pormenorizan estatisticamente os diferentes obxectivos da Estratexia Europa 2020 dende os ámbitos europeo e nacional (Eurostat, 2018). As diferentes medidas tomadas para a consecución dos obxectivos do Estado español están desenvolvidas no PNR (Ministerio de Economía y Empresa, 2019, pp. 83-91).

Táboa 3. Situación en 2017 dos obxectivos españois na Estratexia Europa 2020

OBXECTIVOS		2017
<b>Emprego</b>	Emprego para o 74% das persoas de 20 a 64 anos	65,5%
<b>I+D</b>	Investimento do 2% do PIB en I+D+i	1,2%
<b>Cambio climático e sustentabilidade enerxética</b>	Redución dun 10% dos gases de efecto invernadoiro en sectores difusos respecto a 2005 (212 mill. ton. eq. CO <sub>2</sub> )	201 mteCO <sub>2</sub>
	20% de enerxías renovables no consumo enerxético total	17,5%
	Aumento do 20% da eficiencia enerxética (consumo final de enerxía primaria en 122,6 mill. ton. eq. petróleo)	125,6 mtep
<b>Educación</b>	Taxa de abandono escolar prematuro por debaixo do 15%	18,3%
	Polo menos un 44% das persoas de 30 a 34 anos de idade deberán completar estudos de nivel terciario	41,2%
<b>Loita contra a pobreza ou exclusión social</b>	Reducir entre 1,4 e 1,5 millóns o número de persoas en situación de pobreza ou exclusión social (Taxa AROPE)	26,6%

Fonte: Elaboración propia a partir do INE (ECV) e o Ministerio de Economía y Empresa (2019).

Os datos da táboa 3 indican que España dificilmente poderá alcanzar os seus obxectivos particulares na EU2020 xa que neste momento estase lonxe de cumprir todas as metas propostas. Con respecto ó obxectivo pobreza, a taxa AROPE do 26,6% implica unha poboación AROPE de 12,2 millóns no 2017 (segundo datos da ECV). Comparando este dato co ano base (2008), produciuse un aumento da poboación AROPE de 1,4 millóns, resultado completamente oposto con respecto ao obxectivo proposto<sup>6</sup>.

A pesar da mención á cohesión territorial, isto non se concreta en ningunha medida na Europa 2020, xa que esta formúlase con carácter xeral para a súa aplicación no ámbito estatal (Faura *et al.*, 2016a). Indican Lois, Feal e Paül (2013) que a importancia da dimensión territorial implica que esta debe estar presente á hora da análise tanto dos obxectivos establecidos como no desenvolvemento das políticas dirixidas cara o seu logro.

No entanto, Faura *et al.* (2016a) alertan que os obxectivos nacionais poden dificultar a comparación da traxectoria dos diferentes países en canto á consecución dos obxectivos establecidos. Isto acentúase especialmente no obxectivo pobreza xa que, a pesar de contar con estatísticas harmonizadas, hai países que estableceron os seus obxectivos a partir de indicadores distintos da AROPE. De feito, en moitos casos implicou unha merma considerable do seu compromiso inicial de redución da poboación en risco de pobreza ou exclusión social.

## 2 Obxectivo pobreza na EU2020

Para toda análise, de maneira previa débese delimitar con precisión tanto o seu concepto como o seu ámbito de aplicación. Troitiño (2000) indica que isto toma máis importancia se temos en conta que a consideración de diferentes medidas e/ou variables poden conducir a

<sup>6</sup> Ampliaranse os resultados no apartado 3.1.



diferentes resultados, que incluso poden ser opostos. Particularmente, na medición da pobreza xorden dúas problemáticas diferentes: indicar quen é pobre e avaliar o grao de pobreza existente (Troitiño, 2007).

Neste capítulo metodolóxico, aínda que non se pretende estudar o tema en profundidade, destacaranse diferentes visións definitorias que existen sobre a pobreza ou exclusión social (centrándonos no ámbito da Unión Europea). Ademais, profundarase sobre o indicador que é utilizado na medición da pobreza na EU2020 e neste traballo, a taxa AROPE, así como as bases de datos utilizadas.

## 2.1 Conceptos de pobreza ou exclusión social

A pesar de que o concepto de pobreza está moi estendido, non sempre se ten moi claro de que se está a tratar debido a que non se teñen en conta a multitude de aspectos que engloba (Troitiño, 2007). De maneira xeral, podemos visualizar o concepto de pobreza dende dúas vertentes: absoluta e relativa.

Tendo en conta que a palabra “pobreza” provén do latín *pauper*, podemos derivar unha definición que implicaría a pobreza como “a ausencia de capacidade de satisfacer as necesidades básicas da persoa como ser humano, con independencia da sociedade na que viva” (Troitiño, 2007, pp. 34-35). Este concepto identifica o que se coñece como pobreza absoluta.

No entanto, hoxe en día nos países desenvolvidos utilízase un concepto de pobreza relativa como contraposición ao de riqueza e vinculado á existencia de desigualdade (Montes, 2007). Na actualidade, catalógase a unha persoa como pobre se esta ten uns ingresos inferiores ao 60% da mediana de distribución de ingresos da poboación onde vive.

Aínda que García *et al.* (2007) indican que existe un antes e un despois no enfoque sobre a pobreza a partir da obra do economista hindú Amartya Sen, os estudos europeos partiron dunha caracterización da pobreza como unha situación de precariedade material (Chahin, Lorenzo e Renes, 2007). Destácase como influencia importante na formulación da pobreza na UE ao sociólogo Peter B. Townsend (1979).

Non foi até o primeiro programa europeo de loita contra a pobreza cando as institucións europeas determinaron una definición de pobreza (Arriola, 2014). Definiuse como a situación na que “individuos ou familias teñen recursos tan reducidos que os exclúen do estilo de vida considerado minimamente aceptable para o Estado membro no que habitan” (Council of the European Communities, 1975, p. 34).

Nos sucesivos plans foise modificando a definición operativa proposta nos programas de loita contra a pobreza, recoñecendo así o “carácter estrutural das situacións de pobreza e dos mecanismos que producen estas situacións”, así como o “carácter pluridimensional dos procesos” implicados (Comisión de las Comunidades Europeas, 1995, p. 6). Isto provocou un cambio no propio concepto de pobreza, que dou lugar ao de exclusión social no programa Pobreza 3 (Chahin *et al.*, 2007), entendida como

(...) un proceso que relega a algunhas persoas á marxe da sociedade e lles impide participar plenamente nela debido a súa pobreza, á falta de competencias básicas e oportunidades de aprendizaxe permanente, ou por motivos de discriminación. (...). Teñen pouco acceso aos organismos de poder e decisión e, por elo, séntense indefensos e incapaces de asumir o control das decisións que lles afectan na súa vida cotiá. (Comisión de las Comunidades Europeas, 2003, p. 9).

A consideración do termo “exclusión” supera a visión económica de pobreza como un problema de baixos ingresos. Ademais da dimensión de pobreza, debemos considerar outros límites de dereitos básicos como pode ser o emprego, a educación, a saúde ou as relacións sociais (Chahin *et al.*, 2007). Tendo en conta o anterior, a Estratexia Europa 2020 utiliza como medida da pobreza ou exclusión social un instrumento multidimensional que se desenvolverá no seguinte apartado: a taxa AROPE.

## 2.2 A taxa AROPE e as súas compoñentes

Como xa se citou no capítulo 1, un dos cinco principais obxectivos marcados na Estratexia Europa 2020 é a redución da poboación en risco de pobreza ou exclusión social en 20 millóns de persoas, concretándose o obxectivo español nunha redución desta poboación entre 1,4 e 1,5 millóns de persoas.

O indicador elixido para medir á poboación en risco de pobreza ou exclusión social foi a taxa AROPE (*at risk of poverty and social exclusion*). De feito, é a primeira vez que se utiliza no ámbito europeo un indicador harmonizado para seguir o obxectivo da redución da pobreza xa que nunca se propuxera nos plans estratéxicos de acción tal obxectivo (Faura *et al.*, 2016a).

Nun primeiro momento, o obxectivo europeo enunciouse tendo só en conta á poboación en risco de pobreza. No entanto, destacan Nolan e Whelan (2011) que a presión dos diferentes Estados membros provocou que finalmente se adoptara o indicador AROPE. Segundo os autores, isto implicou que o obxectivo en materia de loita contra a pobreza resultara menos ambicioso ao aumentar a poboación de referencia e manter o valor absoluto da redución.

A concepción multidimensional da exclusión social (explicada no anterior apartado) provoca que esta taxa combine tres conceptos relacionados entre si. A taxa AROPE agrupa a porcentaxe de poboación que se atopa en polo menos algunha das seguintes situacións:

- Risco de pobreza (RP)
- Privación material severa (PMS)
- Baixa intensidade laboral do fogar (BILF)

Unha persoa considérase en risco de pobreza cando ten uns ingresos dispoñibles equivalentes (ou por unidade de consumo) inferiores ao limiar de pobreza ( $L_p$ ), definido como o 60% do ingreso mediano do país de referencia. Sinala Troitiño (2015) que ao empregar un limiar relativo de pobreza, neste caso a mediana, se esta baixa, o limiar tamén descenderá. Isto pode provocar que persoas que sufriron unha diminución da súa renda deixen de estar

consideradas en RP simplemente porque o Lp toma un valor máis baixo, e non porque estas melloraran a súa situación económica.

Os ingresos por unidade de consumo do fogar teñen en conta as economías de escala dos fogares (INE, 2019b), permitindo comparar a situación dos fogares de diferente tamaño, composición e necesidades (Gradín, 2015). Calcúlase dividindo o ingreso total do fogar (despois de impostos directos e tranferencias) entre o número de adultos equivalentes, que se determina aplicando a escala de equivalencia da OCDE modificada<sup>7</sup>.

Ademais do risco de pobreza, a taxa AROPE tamén incorpora a privación material severa e a baixa intensidade laboral do fogar. Considérase que unha persoa atópase nunha situación de PMS se no fogar no que vive hai carencia en, polo menos, catro conceptos dunha listaxe de nove<sup>8</sup> (referenciados na táboa 4). Estes refírense á capacidade do fogar para afrontar determinados gastos (estrés económico) e permitirse dispoñer de certos bens de consumo duradeiro.

Táboa 4. Ítems de consumo básico considerados na PMS da taxa AROPE

<b>Estrés económico</b>	
Retrasos en pagamentos	Relacionados coa vivenda principal (hipoteca, aluguer, recibos de gas, comunidade...) ou en compras a prazo nos últimos 12 meses
Incapacidade de	Afrontar gastos imprevistos
	Ir de vacacións polo menos unha semana ao ano
	Manter a vivenda a unha temperatura axeitada
	Realizar unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días
<b>Bens de consumo duradeiro</b>	
Automóbil	Teléfono
Lavadora	Televisión en cor

Fonte: Elaboración propia a partir de Faura, García & Lafuente (2016b) e INE (2019b).

En derradeiro lugar, determinarase en que consiste unha situación de BILF<sup>9</sup>. Considéranse neste criterio ás persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares nos que os adultos en idade de traballar<sup>10</sup> fixérono menos do 20% do seu potencial total de traballo no ano anterior ao da entrevista, que é o período de referencia dos ingresos (INE, 2019b). Dito doutra maneira, a porcentaxe relaciona o número de meses traballados por todos os membros do fogar en idade de traballar e o número de meses que, teoricamente, poderían ter traballado.

<sup>7</sup> Esta escala concede un peso de 1 ao primeiro adulto, un peso de 0,5 aos demais adultos e un peso de 0,3 aos menores de 14 anos. A ponderación permite ter en conta que as necesidades do fogar non aumentan na mesma proporción có número de membros (Gradín, 2015).

<sup>8</sup> Nolan e Whelan (2011) alertan de que na utilización deste indicador acostúmase empregar un limiar de tres ítems, en vez dos catro que se consideran na EU2020. Ademais, existen estudos que utilizan sete conceptos en vez dos nove empregados na PMS da AROPE.

<sup>9</sup> Na EEF emprégase a baixa intensidade de ingresos de traballo, definida como “a suma do número de días con ingresos de traballo que tiveron os adultos do fogar entre o número máximo de días con ingresos de traballo que poderían ter no ano natural anterior á realización da enquisa” (IGE, 2018, p. 7).

<sup>10</sup> Defínese á persoa en idade de traballar como aquela que ten entre 18 e 59 anos, exceptuando aos estudantes de 18 a 24 anos.

## 2.3 Base de datos

Resulta evidente que o seguimento dos obxectivos da Estratexia Europa 2020 precisa dunha serie de indicadores que permitan comprobar se se está camiñando cara o cumprimento das citadas metas.

Os principais datos que se utilizan para auditar o estado da EU2020 proveñen da enquisa de poboación activa (European Union Labour Force Survey, EU-LFS), das estatísticas sobre ingresos e condicións de vida (European Union Statistics on Income and Living Conditions, EU-SILC) e de fontes administrativas. No ámbito europeo, para realizar o seguimento do obxectivo pobreza utilízase a EU-SILC xa que está constituída polas diferentes enquisas de condicións de vida elaboradas polos Estados membros.

No caso nacional, o Instituto Nacional de Estadística (INE) elabora o indicador AROPE a través dos datos que proporciona a Encuesta de Condiciones de Vida (ECV). Esta enquisa, ao formar parte da EU-SILC, permite a comparativa espacial no ámbito europeo, xa sexa a nivel rexional ou estatal debido aos criterios harmonizados que utilizan. No entanto, debemos ter presente á hora da análise que aínda que se dispoña de información referida ao ámbito rexional, o tamaño das mostras autonómicas poden resultar insuficientes para caracterizar de forma adecuada á poboación, sobre todo en canto ás compoñentes da privación material severa (Faura *et al.*, 2016b).

No caso galego, o Instituto Galego de Estatística (IGE) elabora con periodicidade anual a Enquisa Estrutural a Fogares (EEF), anteriormente denominada Enquisa de Condicións de Vida das Familias, na cal se inclúe o cálculo da taxa AROPE dende o ano 2011. O tamaño da mostra para Galicia na EEF é moi superior ó da ECV, pero debemos destacar que son enquisas diferentes e non harmonizadas. Polo tanto, como a EEF non está harmonizada dende o Eurostat, os seus resultados non son comparables a nivel español e europeo.

## 2.4 Críticas metodolóxicas á AROPE

Xa se indicou con anterioridade que dende os anos 70 do século XX procurouse a harmonización de conceptos e criterios para a medición da pobreza ou exclusión social no ámbito europeo. Faura *et al.* (2016b) resaltan que os investigadores sociais coinciden en que a utilización dun indicador de carácter multidimensional como a taxa AROPE permite unha mellor perspectiva sobre o ámbito da pobreza. De feito, como se indicou no apartado 2.2, é a primeira vez que a Unión Europea utiliza un indicador multidimensional para medir a pobreza nos seus plans de acción.

Aínda que o uso desta taxa impúxose debido á súa utilización como indicador europeo, non se deben deixar pasar por alto algunhas críticas que este indicador colleitou. En primeiro lugar, tanto a información sobre a BILF como a da renda familiar van referidas ao ano anterior ao da enquisa, algo que non sucede coa PMS<sup>11</sup>. Este retardo provoca que a capacidade da taxa

---

<sup>11</sup> Recordemos que o obxectivo pobreza está referido ao ano 2008 debido á falta de indicadores sociais actualizados no ano de inicio da Estratexia (Eurostat, 2018).

AROPE de proporcionar información actualizada sexa limitada, tal como demostrou o impacto da crise económica que se iniciou a finais da pasada década (Laparra, 2010). Sinalan Frazer *et al.* (2014) que esta circunstancia xerará problemas á hora de analizar, no fin da aplicación da estratexia, os obxectivos logrados.

Outra circunstancia que non se debe deixar pasar por alto é que mentres que os indicadores de RP e PMS teñen en conta ao conxunto da poboación, o indicador que abrangue a precariedade laboral exclúe ás persoas con 60 ou máis anos. Nolan e Whelan (2011) concluíron no seu estudo que o factor de precariedade laboral deberíase considerar como un factor que induce á pobreza de ingresos ou á privación material, e non como unha compoñente en si da AROPE. De feito, existen diversas investigacións que exclúen a BILF no cálculo da taxa AROPE.

Faura *et al.* (2016a) indican no seu estudo outra limitación metodolóxica relevante: mentres que o limiar de pobreza establécese mediante a renda mediana estatal, o limiar de PMS establécese a partir dunha listaxe común para toda a UE. Aínda que existen diferentes propostas en canto a que Lp utilizar, na práctica é común empregar distintos limiares de pobreza, dende o ámbito internacional até o rexional (Frazer *et al.*, 2014).

Así mesmo, segundo Nolan e Whelan (2011), a listaxe común empregada para a determinación da pobreza material resulta pouco significativa debido ás diverxencias existentes entre os diferentes países europeos, sobre todo cos Estados membros do leste. De feito, Gradín (2015) alerta que se outorga o mesmo peso a cada unha das nove privacións posibles, aceptando que son substituíbles entre si. No entanto, tres dos bens duradeiros incluídos (televisión, lavadora e teléfono) son moi utilizados no ámbito da Unión Europea, polo que a súa consideración resulta pouco significativa (Faura *et al.*, 2016a). Ademais, a elevada consideración de bens de consumo duradeiros (catro de nove items) limita a resposta do índice de PMS ante cambios no ciclo económico (Martínez e Navarro, 2014).

### 3 Pobreza ou exclusión social en Galicia

Neste terceiro e último capítulo realizaremos unha análise da situación galega a través do indicador utilizado na Europa 2020 para seguir o obxectivo pobreza: a taxa AROPE. Partirase dunha comparativa de Galicia con respecto á Unión Europea e o resto do Estado español, dando conta de se se están a cumprir os obxectivos marcados na EU2020 en canto á redución da pobreza ou exclusión social tanto na UE como en España. Logo desenvolveremos unha análise máis pormenorizada sobre a situación galega, caracterizando a pobreza galega tanto en termos persoais como espaciais.

### 3.1 España e Galicia no contexto europeo

Tendo en conta os obxectivos de redución da poboación en situación de pobreza ou exclusión social tanto na UE como en España<sup>12</sup>, os datos da táboa seguinte amosan que eses obxectivos están moi lonxe de cumprirse no ano 2017.

Táboa 5. Poboación AROPE (en millares) nos países da Unión Europea (2008-2017)

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
<b>UE-28 (e)</b>	116.070	114.390	117.907	120.858	123.774	122.849	122.026	119.049	118.040	112.978
Alemaña	16.345	16.217	15.962	16.074	15.909	16.212	16.508	16.083	16.035	15.516
Austria	1699 (*)	1.577	1.566	1.593	1.542	1.572	1.609	1.551	1.542	1.563
Bélxica	2.194	2.145	2.235	2.271	2.356	2.286	2.339	2.336	2.335	2.296
Bulgaria	3421 (*)	3.511	3.719	3.693	3.621	3.493	2909 (*)	2.982	2890 (*)	2.767
Chipre	181 (*)	188	202	207	234	240	234	244	234	215
Croacia	(-)	(-)	1.322	1.384	1.384	1.271	1.243	1.216	1.159	1.085
Dinamarca	887	962	1.007	969 (*)	965	1.025	1.006	999	951	980
Eslovaquia	1.111	1.061	1.118	1.112	1.109	1.070	960	963	950	856
Eslovenia	361	339	366	386	392	410	410	385	371	345
<b>España</b>	<b>10786 (*)</b>	<b>11.336</b>	<b>12.029</b>	<b>12.363</b>	<b>12.628</b>	<b>12.630</b>	<b>13.402</b>	<b>13.175</b>	<b>12.827</b>	<b>12.236</b>
Estonia	291	312	289	307	311	313	338 (*)	315	318	305
Finlandia	910	886	890	949	916	854	927	904	896	849
Francia	11150 (*)	11.200	11.712	11.840	11.760	11.245	11.540	11.048	11.463	10.771
Grecia	3.046	3.007	3.031	3.403	3.795	3.904	3.885	3.829	3.789	3.702
Hungría	2.794	2.924	2.948	3.093	3.272	3.398	3.097	2.735	2.541	2.465
Irlanda	1.050	1.150	1.220	1.319	1.392	1.377	1.279	1.207	1.135	1.088
Italia	15.082	14.799	14.891	16.858	17.975	17.229	17.146	17.469	18.137	17.407
Letonia	740 (*)	808	798	821	731	702	645	606	554	544
Lituania	910	943	1.068	1.011	975	917	804	857	871	843
Luxemburgo	72	85	83	84	95	96	96	95	114 (*)	126
Malta	81	82	86	90	94	102	101	99	90	87
Países Baixos	2.432	2.483	2.483	2.598	2.492	2.648	2.751	2.744	2797 (*)	2.864
Polonia	11491 (*)	10.454	10.409	10.196	10.128	9.748	9.337	8.761	8.221	7.273
Portugal	2.757	2.648	2.693	2.601	2.667	2.879	2.863	2.765	2.595	2.399
Reino Unido	14.069	13.389	14.211	14.044	15099 (*)	15.586	15.271	14.997	14.359	14325 (*)
República Checa	1.566	1.448	1.495	1.598	1.580	1.508	1.532	1.444	1.375	1.267
Rumanía	9.115	8.795	8.425	8.265	8.673	8.392	8.043	7.435	7.694	7.040
Suecia	1528 (*)	1.641	1.648	1.730	1.679	1.748	1.752	1.813	1.799	1.765

(-) Non dispoñible

(\*) Ruptura da serie temporal

(e) Dato estimado

Fonte: Elaboración propia a partir do Eurostat (EU-SILC).

Se ben entre os anos 2008 e 2012 aumentou a poboación AROPE na UE, comprobamos na táboa 5 que dende ese ano reduciuse en, aproximadamente, 11 millóns de persoas<sup>13</sup>. Emporiso, atópase moi lonxe de poder cumprir o obxectivo proposto na Estratexia xa que o Eurostat (2018) fixa o número obxectivo de persoas en situación de pobreza no ano 2020 en 96,1 millóns.

Nunha situación peor atópase o Estado español, no cal incluso o número de persoas consideradas pobres aumentou dende o ano 2008, alcanzando en 2017 a cifra aproximada de 12,2 millóns de persoas (o que supón un incremento de 1,45 millóns). Polo tanto, resulta difícil pensar que no ano 2020 se teñan cumpridos os obxectivos da EU2020.


No mapa 1 podemos observar claramente a diferenza existente entre os países do norte e sur da UE. Só catro países están por debaixo do 17% de taxa AROPE: Eslovaquia, Finlandia,

<sup>12</sup> Dispoñibles no apartado 2.2.

<sup>13</sup> Tres millóns dende o 2008, aproximadamente.



Gráfica 1. Evolución da AROPE (%) na UE-28, Eurozona-19, España e Galicia (2008-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir do Eurostat (EU-SILC).

## 3.2 Galicia no contexto estatal

Neste apartado, ademais de analizar as tres compoñentes da taxa AROPE, estudaranse as unidades territoriais NUTS (Nomenclature of Territorial Units for Statistics) 1 e 2. No caso español, NUTS 1 correspóndese ás rexións do Noroeste, Nordés, Comunidade de Madrid, Centro, Este, Sur e Canarias. As comunidades autónomas (CC.AA.) están representadas en NUTS 2.

### 3.2.1 Taxa AROPE

Centrándonos no territorio español, na táboa 6 achéganse as diferentes taxas AROPE desagregadas por NUTS 1 e NUTS 2 do Estado español para o período 2008-2017. Ademais, engádesse a taxa de variación relativa da AROPE do ano 2017 sobre o 2008, así como a taxa de variación relativa de cada NUTS 1 e NUTS 2 sobre o total español para o ano 2017. O cálculo destas taxas permiten visualizar máis facilmente a variación da pobreza no conxunto do período, así como a situación relativa da pobreza en cada unha das NUTS con respecto ó total estatal.



Táboa 6. Evolución da AROPE (%) nas NUTS 1 e NUTS 2 españolas (2008-2017)


	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	Tx. var. 2017 s./2008	Tx. var. NUTS s./ ESP (2017)
<b>ESPAÑA (ESP)</b>	<b>23,8</b>	<b>24,7</b>	<b>26,1</b>	<b>26,7</b>	<b>27,2</b>	<b>27,3</b>	<b>29,2</b>	<b>28,6</b>	<b>27,9</b>	<b>26,6</b>	<b>11,8%</b>	
<b>Noroeste</b>	<b>23,0</b>	<b>22,2</b>	<b>21,2</b>	<b>21,1</b>	<b>24,0</b>	<b>23,9</b>	<b>24,2</b>	<b>24,6</b>	<b>23,6</b>	<b>21,0</b>	<b>-8,7%</b>	<b>-21,1%</b>
AST - Principado de Asturias	19,5	18,8	16,5	20,4	24,5	21,8	23,4	24,2	18,5	17,2	-11,8%	-35,3%
CAN - Cantabria	19,9	17,3	22,5	23,0	24,1	25,3	27,4	20,4	24,6	20,5	3,0%	-22,9%
<b>GAL - Galicia</b>	<b>25,1</b>	<b>24,6</b>	<b>22,7</b>	<b>21,0</b>	<b>23,8</b>	<b>24,3</b>	<b>23,8</b>	<b>25,7</b>	<b>25,4</b>	<b>22,6</b>	<b>-10,0%</b>	<b>-15,0%</b>
<b>Nordés</b>	<b>14,5</b>	<b>13,9</b>	<b>17,1</b>	<b>18,5</b>	<b>17,5</b>	<b>17,7</b>	<b>17,2</b>	<b>17,3</b>	<b>16,4</b>	<b>14,7</b>	<b>1,4%</b>	<b>-44,7%</b>
ARA - Aragón	17,1	12,6	17,5	18,6	18,4	19,8	20,7	17,7	18,7	15,8	-7,6%	-40,6%
EUS - Euskadi	13,9	14,8	16,3	18,9	17,7	16,8	15,3	17,6	15,9	14,5	4,3%	-45,5%
NAV - Comunidad Foral de Navarra	8,6	10,4	13,8	13,1	12,0	14,5	14,5	13,0	13,0	13,5	57,0%	-49,2%
LRI - La Rioja	19,6	19,5	27,3	26,1	22,6	22,2	20,1	22,1	17,4	14,4	-26,5%	-45,9%
<b>Comunidad de Madrid</b>	<b>19,3</b>	<b>19,6</b>	<b>19,3</b>	<b>18,6</b>	<b>19,8</b>	<b>20,1</b>	<b>19,2</b>	<b>20,5</b>	<b>21,7</b>	<b>20,6</b>	<b>6,7%</b>	<b>-22,6%</b>
CMA - Comunidad de Madrid	19,3	19,6	19,3	18,6	19,8	20,1	19,2	20,5	21,7	20,6	6,7%	-22,6%
<b>Centro</b>	<b>27,3</b>	<b>27,0</b>	<b>30,1</b>	<b>29,7</b>	<b>28,7</b>	<b>29,6</b>	<b>32,7</b>	<b>30,6</b>	<b>31,0</b>	<b>29,2</b>	<b>7,0%</b>	<b>9,8%</b>
CYL - Castilla y León	21,4	22,1	23,8	22,3	20,4	20,8	26,1	23,3	23,2	18,4	-14,0%	-30,8%
CLM - Castilla-la Mancha	28,8	28,6	32,3	35,3	35,1	36,7	36,9	36,7	37,9	33,9	17,7%	27,4%
EXT - Extremadura	37,9	35,4	40,3	36,0	35,2	36,1	39,8	35,2	35,8	44,3	16,9%	66,5%
<b>Leste</b>	<b>20,7</b>	<b>22,2</b>	<b>23,9</b>	<b>24,3</b>	<b>25,7</b>	<b>25,0</b>	<b>26,7</b>	<b>25,1</b>	<b>22,6</b>	<b>24,2</b>	<b>16,9%</b>	<b>-9,0%</b>
BAL - Illes Balears	23,6	24,3	26,0	26,7	25,1	27,8	23,8	26,3	19,1	24,7	4,7%	-7,1%
CAT - Catalunya	15,6	19,0	19,8	21,6	22,6	20,1	21,8	19,8	17,9	19,4	24,4%	-27,1%
CVA - Comunitat Valenciana	27,5	26,5	29,6	27,9	30,6	31,7	34,7	32,9	30,5	31,3	13,8%	17,7%
<b>Sur</b>	<b>31,1</b>	<b>33,4</b>	<b>35,4</b>	<b>37,4</b>	<b>36,2</b>	<b>37,7</b>	<b>42,6</b>	<b>42,4</b>	<b>40,6</b>	<b>36,9</b>	<b>18,6%</b>	<b>38,7%</b>
AND - Andalucía	31,6	33,3	35,0	38,4	36,9	38,3	42,3	43,2	41,7	37,3	18,0%	40,2%
RMU - Región de Murcia	27,5	33,3	37,5	31,9	33,5	34,1	44,9	38,8	34,8	34,7	26,2%	30,5%
CEU - Ciudad Autónoma de Ceuta	43,4	37,3	35,9	33,6	38,4	47,0	47,9	41,7	41,9	35,8	-17,5%	34,6%
MEL - Ciudad Autónoma de Melilla	24,6	33,9	35,4	34,7	14,5	31,4	25,8	31,8	29,3	29,4	19,5%	10,5%
<b>Canarias</b>	<b>34,8</b>	<b>38,2</b>	<b>35,7</b>	<b>37,8</b>	<b>40,3</b>	<b>35,5</b>	<b>37,0</b>	<b>37,9</b>	<b>44,6</b>	<b>40,2</b>	<b>15,5%</b>	<b>51,1%</b>
CAI - Canarias	34,8	38,2	35,7	37,8	40,3	35,5	37,0	37,9	44,6	40,2	15,5%	51,1%

Fonte: Elaboración propia a partir do Eurostat (EU-SILC).

Galicia queda enmarcada na NUTS 1 “Noroeste”, xunto con Cantabria e Asturias. Obsérvase que a taxa galega é superior á das outras CC.AA. do Noroeste en practicamente todos os períodos considerados. Entre as rexións consideradas, o noroeste peninsular ten a terceira taxa AROPE máis baixa (reducindo a mesma entre o 2008 e o 2017 en dous puntos porcentuais). De feito, foi a única NUTS 1 que reduciu a súa taxa AROPE nese período temporal, xa que no resto de rexións, en maior ou menor medida, produciuse un aumento deste indicador.

O exposto anteriormente vese mellor reflexado na gráfica 2, na cal podemos observar tamén a importante diferenza entre a rexión Sur e Canarias co total español. Destacaremos que o Leste, a pesar de ser a rexión que máis aumentou a súa taxa AROPE dende o 2008, continúa a estar por debaixo da española. Porén, o Nordés, a pesar de sufrir un lixeiro aumento, é a rexión española que ten unha menor AROPE con respecto á media estatal (concretamente, un 45% menos).

Gráfica 2. Variación da AROPE (%) de NUTS 1 (2008-2017) e comparativa con España (2017)




Nota: Rexións ordenadas segundo a taxa AROPE de 2008.

Fonte: Elaboración propia a partir do Eurostat (EU-SILC).

Se trasladamos a gráfica anterior ás comunidades autónomas, observamos a tendencia de que as que contan cunha taxa AROPE superior á media estatal no 2017 sufriron un maior incremento da mesma entre os anos 2008 e 2017. Contamos con excepcións en, sobre todo, Catalunya e Navarra nas que, a pesar de contar cunha taxa AROPE netamente inferior á media, sufriron un importante aumento dos seus respectivos indicadores en comparación co ano 2008. Navarra destaca especialmente xa que, a pesar do aumento de máis do 50% da súa taxa AROPE, continúa a ser a comunidade con menor porcentaxe.

Gráfica 3. Variación da AROPE (%) de NUTS 2 (2008-2017) e comparativa con España (2017)




Nota: CC.AA. ordenadas segundo a taxa AROPE de 2008.

Fonte: Elaboración propia a partir do Eurostat (EU-SILC).

A diferenza entre a zona sur e o resto do territorio español visualízase de maneira máis nítida no mapa 2. Obsérvase un comportamento xeneralizado de taxas AROPE superiores canto mais ao sur da península nos desprazamos. Destacamos as CC.AA. de Andalucía, Canarias, Ceuta e Extremadura, que contan cunha taxa AROPE superior ao 35%. Galicia, cunha taxa en 2017 próxima ao 23%, sitúase na mesma franxa que o resto de CC.AA. do seu arredor.

Mapa 2. AROPE (%) por comunidades autónomas (2017)



Fonte: Elaboración propia a partir do INE (ECV).

### 3.2.2 Compoñentes da taxa AROPE

Tendo en conta os datos da táboa 7, destacaremos en primeiro lugar que a taxa de risco de pobreza é, polo xeral, moi superior ás outras compoñentes da taxa AROPE. Polo tanto, non sorprende que a maioría das persoas consideradas en risco de pobreza ou exclusión social estean incluídas na AROPE por non superar o limiar de pobreza.

Observamos reducións da taxa de RP e PMS no caso galego (ao contrario que a media do conxunto español), mentres que a BILF aumentou en máis dun 50% entre os anos 2008 e 2017. En xeral, en todas as CC.AA. produciuse un aumento significativo da BILF. Isto non nos sorprende debido á grave situación de desemprego que sufriu España durante os anos máis duros da crise económica. No caso español, o aumento desta compoñente roza o 100%.

Recordemos que no apartado 2.4 salientárase que, debido á listaxe de items considerados na determinación da privación material severa, esta era pouco significativa nos países desenvolvidos. Isto confírmase cos datos da táboa 7 xa que a PMS ronda na maioría das CC.AA. o 5%, contrastando co 12% de BILF e, sobre todo, co 22% de risco de pobreza.

Táboa 7. RP, PMS e BILF (%) por comunidades autónomas (2008-2017)


	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	Tx. var. 2017 s./2008	Tx. var. s./ ESP (2017)
<b>ESPAÑA</b>												
Risco de pobreza	19,8	20,4	20,7	20,6	20,8	20,4	22,2	22,1	22,3	21,6	9,1%	
PMS	3,6	4,5	4,9	4,5	5,8	6,2	7,1	6,4	5,8	5,1	41,7%	
BILF	6,6	7,6	10,8	13,4	14,3	15,7	17,1	15,4	14,9	12,8	93,9%	
<b>Andalucía</b>												
Risco de pobreza	27,3	28,8	28,3	30,7	28,3	29,1	33,3	35,7	35,4	31,0	13,6%	43,5%
PMS	5,4	5,7	5,6	6,3	7,5	7,0	9,5	8,0	7,1	5,2	-3,7%	2,0%
BILF	10,1	11,4	14,7	20,1	20,6	25,3	27,4	24,9	23,5	21,9	116,8%	71,1%
<b>Aragón</b>												
Risco de pobreza	14,9	11,3	14,2	15,5	14,5	16,1	16,9	14,4	15,7	13,3	-10,7%	160,8%
PMS	0,4	0,2	2,4	0,9	2,5	3,3	4,2	2,2	2,9	0,5	25,0%	-90,4%
BILF	4,7	2,6	5,6	7,5	11,8	10,2	10,5	6,9	7,6	5,9	25,5%	-72,7%
<b>Principado de Asturias</b>												
Risco de pobreza	13,2	13,0	11,5	14,1	13,0	14,1	16,7	16,7	13,4	12,6	-4,5%	-5,3%
PMS	1,6	1,4	1,1	0,8	3,3	4,2	5,1	6,9	3,9	3,5	118,8%	-83,8%
BILF	9,1	8,7	8,8	12,8	22,6	16,5	18,0	16,4	14,7	11,5	26,4%	125,5%
<b>Illes Balears</b>												
Risco de pobreza	18,1	18,1	22,7	21,0	19,9	19,8	17,9	21,7	15,5	21,3	17,7%	-1,4%
PMS	3,6	6,3	4,7	7,4	7,9	10,4	9,8	7,7	3,7	6,9	91,7%	35,3%
BILF	5,0	5,0	11,2	13,1	10,5	7,1	7,5	8,4	6,7	3,7	-26,0%	-67,8%
<b>Canarias</b>												
Risco de pobreza	30,7	30,4	29,7	30,1	33,6	28,4	27,6	28,5	35,0	30,5	-0,7%	498,0%
PMS	3,9	12,7	3,5	3,9	6,5	8,5	7,2	12,4	10,8	13,6	248,7%	97,1%
BILF	9,3	12,0	14,8	19,9	21,5	22,8	28,1	20,8	29,5	19,2	106,5%	-11,1%
<b>Cantabria</b>												
Risco de pobreza	14,3	13,9	20,1	16,7	17,7	17,8	20,6	14,9	15,3	17,6	23,1%	-42,3%
PMS	1,0	1,2	1,5	1,5	2,3	3,9	3,5	3,5	7,5	2,2	120,0%	-89,8%
BILF	9,2	6,8	8,9	13,8	11,9	11,1	18,4	15,5	16,0	9,3	1,1%	82,4%
<b>Castilla y León</b>												
Risco de pobreza	17,5	18,8	19,5	17,6	15,9	17,5	20,4	18,3	17,7	15,4	-12,0%	-28,7%
PMS	0,8	2,1	2,9	3,7	2,2	1,8	2,6	2,3	2,0	1,0	25,0%	-80,4%
BILF	5,5	8,3	10,4	8,2	9,7	12,8	17,7	16,5	14,2	9,2	67,3%	-1,1%
<b>Castilla-La Mancha</b>												
Risco de pobreza	26,4	24,8	28,3	29,4	30,0	31,3	28,4	28,5	31,7	28,1	6,4%	451,0%
PMS	2,4	3,8	3,8	3,9	5,7	5,8	8,7	8,5	7,6	4,4	83,3%	340,0%
BILF	5,0	6,0	11,3	14,8	15,3	19,9	14,9	15,6	18,8	12,8	156,0%	-40,7%
<b>Catalunya</b>												
Risco de pobreza	12,3	15,2	14,7	14,2	15,8	13,9	15,8	13,9	13,2	15,0	22,0%	-46,6%
PMS	2,7	3,1	5,1	7,2	7,4	6,1	6,3	6,7	5,5	5,0	85,2%	-76,9%
BILF	5,2	5,6	9,0	11,6	11,5	10,8	12,0	8,8	7,2	8,8	69,2%	72,5%
<b>Comunitat Valenciana</b>												
Risco de pobreza	23,6	20,9	22,7	22,0	25,0	23,6	26,2	25,3	24,4	25,6	8,5%	18,5%
PMS	4,0	5,5	5,6	3,9	6,4	7,1	11,3	6,7	7,5	7,4	85,0%	45,1%
BILF	6,4	7,8	13,5	14,7	15,0	16,9	18,1	18,1	14,6	13,6	112,5%	54,5%
<b>Euskadi</b>												
Risco de pobreza	9,1	10,0	11,7	13,8	13,3	10,5	10,2	10,9	9,0	9,7	6,6%	90,2%
PMS	2,8	3,4	2,1	4,0	2,1	4,8	4,8	4,6	4,2	3,7	32,1%	-50,0%
BILF	6,5	5,5	8,8	9,8	11,1	13,0	12,2	14,3	13,7	7,7	18,5%	-64,4%
<b>Extremadura</b>												
Risco de pobreza	35,3	30,9	35,7	31,7	29,4	30,9	33,1	29,0	30,4	38,8	9,9%	300,0%
PMS	2,2	1,3	6,1	2,0	3,5	3,7	3,8	2,4	3,4	5,6	154,5%	-74,1%
BILF	8,8	10,6	15,0	14,0	17,9	17,8	22,2	19,3	20,3	15,4	75,0%	202,0%
<b>GALICIA</b>												
Risco de pobreza	20,9	20,6	18,1	16,1	18,3	17,2	15,4	19,4	19,0	18,7	-10,5%	-13,4%
PMS	3,0	3,4	4,4	2,5	4,1	4,6	5,5	4,2	4,1	2,4	-20,0%	-52,9%
BILF	7,6	7,9	12,2	11,9	14,7	14,1	14,9	13,8	13,6	12,0	57,9%	-22,1%
<b>Comunidad de Madrid</b>												
Risco de pobreza	14,9	15,9	14,4	14,0	14,2	13,4	14,7	15,1	18,2	16,9	13,4%	231,4%
PMS	5,2	4,7	5,3	2,7	5,6	7,3	4,8	5,7	4,3	5,4	3,8%	125,0%
BILF	3,5	5,1	5,6	7,9	8,2	9,3	9,6	10,5	10,4	9,2	162,9%	-57,4%
<b>Región de Murcia</b>												
Risco de pobreza	24,5	29,1	29,8	25,8	25,2	26,8	37,2	31,8	28,9	30,1	22,9%	78,1%
PMS	5,4	8,2	15,0	5,8	9,1	9,0	11,8	9,0	9,5	6,2	14,8%	-71,3%
BILF	5,5	7,6	11,2	14,5	16,0	17,3	22,2	16,1	13,4	12,6	129,1%	147,1%
<b>Comunidad Foral de Navarra</b>												
Risco de pobreza	5,9	7,8	10,7	8,1	7,0	9,9	11,9	9,6	9,0	8,3	40,7%	-61,6%
PMS	1,5	2,1	2,5	4,4	4,1	0,6	1,2	2,2	3,4	0,3	-80,0%	-94,1%
BILF	3,1	3,8	5,1	5,0	8,0	8,0	7,5	7,1	8,4	8,2	164,5%	-34,9%
<b>La Rioja</b>												
Risco de pobreza	16,2	17,2	21,2	20,6	16,8	19,3	16,2	17,1	11,9	9,7	-40,1%	90,2%
PMS	2,8	1,7	5,3	5,5	6,3	6,6	5,6	4,8	5,9	2,9	3,6%	866,7%
BILF	3,2	5,1	13,9	13,1	10,4	10,4	10,7	10,4	9,2	5,4	68,8%	-75,0%
<b>Ciudad Autónoma de Ceuta</b>												
Risco de pobreza	40,1	36,4	31,3	26,3	32,2	40,8	44,3	31,0	36,0	32,5	-19,0%	235,1%
PMS	2,4	10,1	4,5	7,6	19,5	15,3	12,4	16,6	3,5	3,8	58,3%	-82,4%
BILF	22,5	25,3	21,8	17,2	23,2	24,7	26,2	10,0	12,2	30,6	36,0%	500,0%
<b>Ciudad Autónoma de Melilla</b>												
Risco de pobreza	17,7	30,0	25,8	26,5	8,6	21,7	19,2	25,8	21,8	26,2	48,0%	21,3%
PMS	10,9	0,9	9,7	6,4	1,0	14,8	7,4	15,1	13,2	9,4	-13,8%	84,3%
BILF	6,0	13,6	10,4	18,0	9,7	20,5	18,0	14,5	18,0	13,9	131,7%	-54,6%

Fonte: Elaboración propia a partir do INE (ECV).

Centrándonos no caso galego, a súa comparativa co total do Estado proporciona datos significativos, representados na gráfica 4. Comezando pola taxa de risco de pobreza, e tendo en conta que en ambos casos se utiliza o Lp español, observamos que durante todo o período produciuse unha diverxencia entre ambas, a favor do caso galego. Mentres que no caso español se mantivo máis ou menos estable, no caso galego produciuse, curiosamente, unha redución entre os anos 2008 e 2014 (coincidindo coa baixada da AROPE entre 2008 e 2011).

Unha posible explicación podería ser o efecto amortiguador da pobreza provocado pola importante porcentaxe de poboación maior en Galicia. Sinala Troitiño (2015) que o maior avellentamento da poboación galega con respecto ao resto do Estado provoca que os ingresos procedentes das pensións de xubilación teñan unha maior participación na renda dos fogares (ingresos menos afectados pola situación económica). Polo tanto, semella que a poboación maior de 65 anos actúa como un freo da caída da renda dispoñible en época de crise económica e como escudo protector contra a pobreza.

Gráfica 4. Evolución das compoñentes da AROPE (%) en España e Galicia (2008-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir do INE (ECV).

Entre os anos 2008 o 2014, no entanto, produciuse un aumento da PMS e da BILF tanto no caso galego como español, pero máis acentuado no caso da baixa intensidade laboral do fogar. No anos seguintes baixou a porcentaxe de ambos indicadores, aínda que dunha forma máis moderada.

Podemos concluír este apartado destacando que, aínda que a evolución das tres compoñentes da taxa AROPE foi bastante parella entre España e Galicia, a comunidade galega atópase no ano 2017 nunha mellor situación relativa con respecto ao estándar español.

### 3.3 Caracterización da pobreza en Galicia

Para finalizar, analizaremos a pobreza a través da taxa AROPE centrándonos na comunidade autónoma galega, tanto en características xerais da poboación como a nivel provincial e comarcal. Debemos recordar, tal como se indicou no apartado 2.3, que os datos proporcionados pola EEF (IGE), que utilizaremos para realizar a caracterización, non son comparables cos datos da ECV (INE) e da EU-SILC (Eurostat) debido á falta de harmonización entre ambas enquisas. De feito, como se observa na táboa 8, os datos da taxa AROPE galega proporcionados por ambas enquisas difiren<sup>14</sup>.

Unha posible causa desta diferenza pode ser a diferenza de limiares de pobreza considerados. No caso do INE, a mediana de ingresos dispoñibles equivalentes é a española e no caso do IGE, a galega.

Táboa 8. AROPE galega (%) segundo base de datos (2011-2017)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
IGE (EEF)	22,1	23,6	22,8	22,1	22,6	20,3	20,3
INE (ECV)	21,0	23,8	24,3	23,8	25,7	25,4	22,6

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (EEF) e o INE (ECV).

#### 3.3.1 Retrato da poboación pobre

Comezando pola caracterización segundo xénero (gráfica 5), chama a atención observar polo xeral unha maior taxa AROPE masculina que feminina. Unha posible causa podémola atopar na incidencia do desemprego en ambos sexos. Mentres que en épocas de expansión económica os homes poden verse máis favorecidos por maiores oportunidades de emprego, exemplificouse na última etapa recesiva que tamén acostuman a sufrir unha maior taxa de desemprego. As actividades económicas máis penalizadas na crise (construción e industrias relacionadas) foron as que estaban máis masculinizadas (Corbelle e Troitiño, 2013).

Por outra parte, dado que o cálculo da taxa AROPE asigna a todos os membros do fogar o mesmo nivel de renda, as taxas de pobreza non deberían diferir moito clasificando por sexo. No entanto, recoméndase analizar en maior medida estes datos, xa que as diferentes investigacións tanto a nivel europeo (Eurostat, 2018) como nacional (Llano, 2018) mostran, polo xeral, unha maior AROPE feminina que masculina (incluso no caso galego se consideramos os datos proporcionados pola ECV). Unha posible explicación podería deberse á maior AROPE dos fogares monoparentais (táboa 10), xeralmente encabezados por mulleres.

<sup>14</sup> No caso da EEF, o primeiro ano de datos dispoñibles é o 2011.

Gráfica 5. Evolución da AROPE (%) en Galicia segundo sexo (2011-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir da EEF (IGE).

A táboa 9 presenta as diferentes taxas AROPE por grupos de idade, que sufriron reducións xeneralizadas nos últimos anos. Mentres que o grupo de persoas maiores de 65 anos son os que contan con menor AROPE, a poboación entre 16 e 24 anos sofre, con diferenza, a maior taxa AROPE, roldando o 30% entre o 2011 e o 2017. De feito, a poboación máis moza está “máis exposta ás nefastas consecuencias da crise económica sobre o emprego e as rendas de traballo” (Gradín, 2015, p.21), polo que non nos sorprende que sufran unha taxa AROPE maior á do resto de grupos de idade. O elevado desemprego xuvenil pode provocar efectos permanentes sobre os seus ingresos, así como nos seus niveis de pobreza.


Táboa 9. AROPE (%) segundo grupos de idade en Galicia (2011-2017)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
<b>Menos de 16 anos</b>	24,0	27,4	25,0	24,1	24,4	22,6	23,7
<b>De 16 a 24 anos</b>	29,8	31,7	32,1	31,3	31,9	28,0	28,3
<b>De 25 a 49 anos</b>	21,5	24,1	24,3	22,8	24,3	21,0	20,8
<b>De 50 a 64 anos</b>	25,5	26,6	26,6	28,4	25,9	23,9	23,3
<b>De 65 ou máis anos</b>	16,2	15,0	13,0	11,6	13,2	12,8	12,6

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (EEF).

Se atendemos ao nivel de estudos (gráfica 6), observamos que os que contan coa primeira etapa de educación secundaria son os que sofren unha maior taxa AROPE, aínda que dende o 2015 está a diminuír, aproximándose ós niveis de pobreza da poboación con educación primaria e inferior. A taxa da poboación con segunda etapa de educación secundaria descendeu dende o 2013, aproximándose ó 20%. Ademais, non sorprende observar que as persoas que contan cunha educación superior teñen unha menor taxa AROPE, que incluso non supera o 14% durante o período considerado.

Gráfica 6. Evolución da AROPE (%) en Galicia por nivel de estudos (2013-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (EEF).

Centrémonos agora na tipoloxía de fogares, representado na táboa 10. Obsérvase que os fogares unipersoais e, sobre todo, os monoparentais son os que contan cunha maior taxa AROPE en Galicia. Neste último caso, chega a superar o 40% entre os anos 2012 e 2014. Aínda que a AROPE adoita calcularse a prezos correntes, debemos ter en conta que a subida de prezos dos bens de primeira necesidade adoitan afectar especialmente ao poder adquisitivo dos fogares con menores ingresos (Troitiño, 2015).

Táboa 10. AROPE (%) por tipoloxía de fogar en Galicia (2011-2017)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
<b>Sen núcleo</b>	28,8	28,6	24,2	27,2	31,9	26,3	18,3
Unipersoal	29,1	28,8	26,0	23,4	26,6	21,8	24,7
<b>Un núcleo</b>							
Monoparental	36,0	40,5	40,3	40,3	38,6	35,6	36,5
Parella con fillos	20,9	22,3	21,5	21,7	20,7	19,3	19,5
Parella sen fillos	17,7	16,6	18,0	15,5	16,2	17,2	15,0
Un núcleo e outros	17,7	22,9	21,7	22,2	23,5	18,3	17,9
<b>Varios núcleos</b>	19,8	23,0	21,7	16,2	22,0	14,4	17,3

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (EEF).


O comportamento seguido polos diferentes tipos de fogares foi dispar no período considerado. Aínda que a maioría sufriu un leve descenso, tanto os fogares monoparentais como os de un núcleo e máis persoas aumentaron, entre 2011 e 2017, cadansúas AROPE.



Por último, atendendo á nacionalidade, mentres que a taxa AROPE das persoas con nacionalidade española oscila ó redor do 20%, sen grandes variacións durante o período considerado, a das persoas con nacionalidade estranxeira supera a barreira do 50%, chegando a alcanzar nos anos 2012 e 2013 o 60%.

Aínda que esta oscilación pode ser consecuencia dun motivo estatístico (debido á menor mostra deste colectivo), demos destacar que os fluxos migratorios poden provocar un comportamento máis cíclico da AROPE dos estranxeiros. Gradín (2015) sinala que nos últimos tempos se produciu “unha reversión dos fluxos migratorios tras unha etapa na que Galicia estaba a ser inusualmente receptora neta” (p. 14).

Gráfica 7. Evolución da AROPE (%) en Galicia por nacionalidade (2011-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (EEF).

### 3.3.2 Dimensión territorial

A análise territorial ten especial relevancia debido a que a poboación galega non se distribúe homoxeneamente, tanto a nivel demográfico como económico (Gradin, 2015), estando especialmente influída polas provincias atlánticas da Coruña e Pontevedra (Corbelle e Troitiño, 2013). No entanto, tal como se destaca en Cantó, Del Río e Gradín (2006), os datos territoriais deben tomarse con moita cautela, principalmente debido á gran variabilidade interanual que presentan.

Táboa 11. AROPE (%) segundo provincias e áreas galegas (2011-2017)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	Tx. var. 2011 s./ 2017	Tx. var. s./ GAL (2017)
<b>GALICIA</b>	<b>22,1</b>	<b>23,6</b>	<b>22,8</b>	<b>22,1</b>	<b>22,6</b>	<b>20,3</b>	<b>20,3</b>	<b>-8,1%</b>	
<b>A Coruña</b>	<b>21,5</b>	<b>21,5</b>	<b>22,3</b>	<b>20,0</b>	<b>19,1</b>	<b>18,0</b>	<b>18,7</b>	<b>-13,2%</b>	<b>-8,1%</b>
A Barbanza-Noia	19,3	21,3	19,6	19,2	16,0	14,7	19,1	-1,1%	-5,8%
A Coruña Suroriental	23,2	19,8	26,7	20,0	22,3	24,0	16,5	-28,6%	-18,5%
Área da Coruña	21,4	28,3	28,9	28,5	22,3	19,3	19,7	-8,0%	-3,2%
Área da Costa da Morte	28,3	28,5	17,8	19,9	21,5	20,8	21,4	-24,5%	5,3%
Área de Santiago	14,7	19,1	21,2	17,9	18,0	15,8	14,7	-0,5%	-27,8%
Ferrol-Eume-Ortegal	23,9	19,9	18,7	18,7	16,2	16,0	19,0	-20,6%	-6,6%
<b>Lugo</b>	<b>18,1</b>	<b>20,4</b>	<b>18,0</b>	<b>19,2</b>	<b>16,7</b>	<b>16,7</b>	<b>18,1</b>	<b>-0,3%</b>	<b>-11,0%</b>
A Mariña	23,7	32,5	22,7	28,9	21,2	24,0	13,9	-41,1%	-31,3%
Lugo Central	15,8	16,5	14,7	20,0	20,4	12,6	19,8	25,4%	-2,4%
Lugo Oriental	16,2	18,5	15,5	16,9	15,7	16,9	17,4	7,9%	-14,2%
Lugo Sur	19,8	18,6	22,6	17,5	13,9	13,5	18,3	-7,5%	-9,9%
<b>Ourense</b>	<b>21,1</b>	<b>24,6</b>	<b>23,1</b>	<b>22,9</b>	<b>23,3</b>	<b>24,5</b>	<b>21,7</b>	<b>2,9%</b>	<b>7,0%</b>
Área de Ourense	18,3	29,9	31,0	26,7	29,9	30,4	20,7	13,2%	2,1%
O Carballiño-O Ribeiro	26,8	25,4	22,0	21,9	19,7	18,4	25,7	-4,4%	26,4%
Ourense Central	18,1	24,6	23,6	30,4	25,6	30,0	15,4	-15,1%	-24,2%
Ourense Sur	24,5	22,5	20,7	17,6	21,3	21,7	25,2	2,9%	24,0%
<b>Pontevedra</b>	<b>24,4</b>	<b>26,9</b>	<b>25,1</b>	<b>25,5</b>	<b>28,5</b>	<b>22,9</b>	<b>22,5</b>	<b>-8,1%</b>	<b>10,6%</b>
Área de Pontevedra	21,9	20,5	22,5	18,4	20,5	20,9	27,2	24,5%	34,0%
Área de Vigo	21,7	33,1	29,6	33,4	37,2	26,7	19,0	-12,3%	-6,3%
Caldas-O Salnés	29,3	30,3	22,0	29,0	39,1	25,7	25,9	-11,6%	27,6%
O Morrazo	23,0	30,1	25,6	24,2	23,1	22,2	21,2	-8,0%	4,4%
Pontevedra Nororiental	13,5	25,1	26,7	23,9	26,4	20,7	16,4	21,6%	-19,3%
Pontevedra Sur	39,6	25,0	25,0	24,1	25,4	22,2	30,3	-23,6%	49,1%


Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (EEF).

Ao igual que no caso europeo e español, observamos unha diferenza entre as provincias do norte e do sur. Mentres que no norte (sobre todo a provincia de Lugo) están por debaixo do conxunto galego<sup>15</sup>, as provincias do sur superan o 20% de taxa AROPE (sobre todo a provincia pontevedresa, que chegou a estar próxima ao 30% no ano 2015). Todas as provincias galegas reduciron a súa taxa dende o 2011 ó 2017 excepto a provincia de Ourense, que aumentou un 3%.

O mapa 3 permite observar dunha maneira máis visual a situación e evolución das diferentes áreas consideradas. A división por áreas comarcais mostra a heteroxeneidade existente no territorio galego que pode pasar inadvertida coa división provincial (Cantó *et al.*, 2006). Mentres que no 2011 había catro zonas que superaban o 26%, no último ano dispoñible só superaban este nivel as áreas de Pontevedra e Pontevedra Sur. Por outra banda, as zonas da costa coruñesa reduciron de maneira importante cadansúas taxas AROPE entre os anos 2011 e 2017.

<sup>15</sup> AROPE proporcionada polo IGE.

Mapa 3. Comparativa da AROPE (%) por áreas galegas (2011 e 2017)



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (EEF).

No entanto, insistimos que estes datos deben tomarse de maneira cautelosa xa que se observan grandes variabilidades dun ano a outro. Como exemplo extremo, citaremos o caso de Ourense Central, que pasa dun 30% no 2016 até un 15,4% no ano 2017.

Por último, se atendemos ao tipo de municipios segundo poboación (táboa 12), obsérvase polo xeral que os municipios que contan con máis habitantes son os que sofren menores AROPE. No entanto, estudos como os de Corbelle e Troitiño (2013) sinalan que nos municipios pequenos preséntanse indicadores de desigualdade máis baixos que nas sete cidades galegas (correspondente aos concellos de máis de 50.000 habitantes).

Debemos ter en conta que as sete cidades galegas concentran aproximadamente, segundo o Padrón municipal de habitantes de 2018 (INE, 2019c), ao 35% da poboación galega. Polo tanto, a súa influencia á hora de determinar a taxa AROPE galega é elevada.

Táboa 12. AROPE (%) segundo habitantes e cidades galegas (2011-2017)

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Menos de 10.000 habitantes	23,7	24,5	23,1	24,1	21,8	20,5	21,7
Entre 10.000 e 20.000 habitantes	22,9	28,9	23,6	23,7	27,8	19,1	22,3
Entre 20.000 e 50.000 habitantes	23,9	23,1	23,8	20,9	22,1	23,4	17,8
Máis de 50.000 habitantes	19,4	20,4	21,8	20,2	21,0	19,5	19,4
<i>Concello da Coruña</i>	17,6	19,1	22,4	19,2	17,2	17,4	21,2
<i>Concello de Ferrol</i>	22,1	23,0	25,8	25,9	22,5	23,4	22,2
<i>Concello de Lugo</i>	13,9	17,7	14,5	16,0	15,4	17,3	23,2
<i>Concello de Ourense</i>	17,9	23,2	20,4	19,5	23,1	22,4	19,6
<i>Concello de Pontevedra</i>	24,6	20,6	23,0	20,1	25,0	16,7	22,7
<i>Concello de Santiago de Compostela</i>	16,2	18,7	18,0	17,5	16,6	14,7	12,5
<i>Concello de Vigo</i>	22,1	21,2	24,2	22,2	25,2	22,3	17,2

Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (EEF).

## Conclusións, limitacións e ampliacións

Unha boa planificación estratéxica é vital para a consecución de obxectivos. No entanto, a planificación ten que vir acompañada de implicación e compromisos explícitos por parte dos axentes implicados, así como de datos e indicadores que permitan facer seguimento dos obxectivos propostos. O traballo das pasadas décadas, que supuxo un importante avance na medición da pobreza, desembocou na implantación da taxa AROPE como indicador multidimensional.

Puidemos comprobar que tanto as estratexias precedentes como a actual están lonxe de conseguir unha redución efectiva e clara da lacra da pobreza. Tanto o obxectivo pobreza da EU2020 para a Unión Europea e para España dificilmente se cumprirán. No caso europeo, a poboación AROPE<sup>16</sup> reduciuse en tres millóns de persoas con respecto ó 2008, mentres que para o caso español, esta aumentou incluso en 1,45 millóns.

No apartado analítico, puidemos analizar a situación da pobreza galega utilizando o indicador de referencia. Destacaremos que o indicador galego foi, durante os períodos considerados, sistematicamente inferior á media española, seguindo a tendencia das comunidades autónomas do seu redor e do conxunto da UE. Comprobouse que a taxa de risco de pobreza exerce unha importante influencia no resultado final da AROPE e que a BILF aumentou de maneira considerable nos principais anos da crise económica.

Extraemos interesantes resultados para o caso galego, como a xeneralizada maior taxa AROPE masculina que feminina e a especial incidencia da AROPE na poboación moza, nos cidadáns que teñen a primeira etapa de educación secundaria e nos fogares monoparentais e unipersoais. Ademais, tamén se comprobou que, ao igual que no nivel europeo e español, localízanse as maiores AROPE na zona sur de Galicia. Ademais, sinalouse que os cidadáns con nacionalidade española e nos municipios con máis habitantes sufrían menores AROPE.

---

<sup>16</sup> Datos do ano 2017.

En canto á caracterización da pobreza galega, atopámonos coa limitación da comparación de resultados entre a ECV e a EEF. Ademais, os datos da EEF non permiten realizar unha segmentación segundo as compoñentes da AROPE, polo que sería un campo a estudar en vindeiras investigacións.

No estudo por áreas, sinalouse que se debe ter cautela sobre os datos da dimensión territorial debido á gran variabilidade interanual observada. Non dispoñemos dos tamaños mostrais da EEF por áreas, polo que consideramos recomendable realizar un estudo sobre a significatividade estatística dos resultados para as áreas galegas. Débese analizar se as variacións bruscas que experimentan algunhas áreas poden ser reais ou se se poden deber a que o tamaño mostral da EEF repartido por áreas é insuficiente, entre outros motivos.

Aínda que este traballo centrouse exclusivamente na taxa AROPE, sería interesante en vindeiras investigacións conxugar esta taxa con outros indicadores que reflexen a pobreza ou exclusión social, e inclusive empregar dimensións adicionais ás que se empregan na AROPE. En termos políticos, tamén sería interesante profundizar sobre factores causantes da pobreza para así poder programar políticas que ataquen esta lacra social. Neste sentido, recomendamos traballar en trasladar os diferentes obxectivos estatais ás diferentes NUTS 1 e 2, se ben a variada organización territorial dos Estados membros da UE pode supoñer unha importante limitación.

## Bibliografía

- Arriola, J. (2014). *La estrategia de la Unión Europea de lucha contra la pobreza*. Documento de traballo 8.2 do VII Informe FOESSA. Recuperado de <[https://www.foessa2014.es/informe/uploaded/documentos\\_trabajo/15102014153144\\_3895.pdf](https://www.foessa2014.es/informe/uploaded/documentos_trabajo/15102014153144_3895.pdf)>.
- Cantó, O., Del Río, C. e Gradín, C. (2006). *La desigualdad de la renta en Galicia. Análisis territorial de la desigualdad y la pobreza*. Santiago de Compostela: CIEF. Fundación Caixa Galicia.
- Cerviño, E. (2016). La política europea contra la pobreza y la exclusión social: avances y retos. *CAUCES*, 32, 31-41.
- Chahin, A., Lorenzo, F. e Renes, V. (2007). *Cuaderno Europeo 4. Poniendo en práctica la Estrategia Europea para la Inclusión Social. Del plano europeo al plano local*. Recuperado de <[https://www.fresnoconsulting.es/upload/14/24/10\\_Cuaderno\\_Europeo\\_4.pdf](https://www.fresnoconsulting.es/upload/14/24/10_Cuaderno_Europeo_4.pdf)>.
- Comisión de las Comunidades Europeas (1995). *Informe final sobre la aplicación del programa comunitario para la integración económica y social de los grupos menos favorecidos "Pobreza 3" (1989-1994)*. (COM(95) 94 final). Recuperado de <<http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:51995DC0094&qid=1553196703171&from=ES>>.
- Comisión de las Comunidades Europeas (2003). *Informe conjunto sobre la inclusión social en el que se resumen los resultados del examen de los planes nacionales de acción en favor de la inclusión social (2003-2005)*. (COM(2003)773 final). Recuperado de <<https://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2003:0773:FIN:ES:PDF>>.
- Comisión Europea (2010). *Europa 2020. Una Estrategia para un crecimiento inteligente, sostenible e integrador*. (COM(2010) 2020). Recuperado de <<https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52010DC2020&from=ES>>.

- Communauté Économique Européenne (1957). *Traité instituant la Communauté Économique Européenne et documents annexes*. Recuperado de <<https://eur-lex.europa.eu/legal-content/FR/TXT/PDF/?uri=CELEX:11957E/TXT&from=ES>>.
- Consejo de la Unión Europea (2000). *Lucha contra la pobreza y la exclusión social. Definición de los objetivos adecuados*. (14110/00 SOC 470). Recuperado de <[http://ec.europa.eu/employment\\_social/social\\_inclusion/docs/approb\\_es.pdf](http://ec.europa.eu/employment_social/social_inclusion/docs/approb_es.pdf)>.
- Consejo de las Comunidades Europeas (1974). *Resolución del consejo de 21 de enero de 1974 relativa a un programa de acción social*. Recuperado de <[https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:31974Y0212\(01\)&from=ES](https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:31974Y0212(01)&from=ES)>.
- Consejo Económico y Social (2017). *Informe 01/2017. Políticas públicas para combatir la pobreza en España*. Madrid: Departamento de publicaciones CES.
- Consejo Europeo (2000). *Conclusiones de la presidencia. Consejo Europeo de Lisboa. 23 y 24 de marzo de 2000*. Recuperado de <<https://www.consilium.europa.eu/media/21032/consejo-europeo-de-lisboa-conclusiones-de-la-presidencia.pdf>>.
- Corbelle, F. e Troitiño, Á. (2013). Desigualdade e pobreza en Galicia nos anos 2007 e 2010. Como se distribúen os efectos da crise? *Revista Galega de Economía*, 22(extra.), 167-200.
- Council of the European Communities (1975). *Council decision of 22 July 1975 concerning a programme of pilot schemes and studies to combat poverty*. (75/458/EEC). Recuperado de <<https://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/PDF/?uri=CELEX:31975D0458&from=ES>>.
- European Commission (2015). *The Paris Protocol – A blueprint for tackling global climate change beyond 2020. Corrigendum*. (COM(2015) 81 final/2). Recuperado de <[https://eur-lex.europa.eu/resource.html?uri=cellar:1c42ff84-c320-11e4-bbe101aa75ed71a1.0001.02/DOC\\_1&format=PDF](https://eur-lex.europa.eu/resource.html?uri=cellar:1c42ff84-c320-11e4-bbe101aa75ed71a1.0001.02/DOC_1&format=PDF)>.
- Eurostat (2018). *Smarter, greener, more inclusive? Indicators to support the Europe 2020 strategy*. Luxemburgo: Publications Office of the European Union.
- Eurostat (2019). *Income and Living Conditions. Database* [Base de datos]. Recuperado de <<https://ec.europa.eu/eurostat/web/income-and-living-conditions/data/database>>.
- Faura, Ú., García, O. e Lafuente, M. (2015). Crisis y evolución regional del indicador AROPE en España. *Recta*, 16(2), 91-104.
- Faura, Ú., García, O. e Lafuente, M. (2016a). Objetivo Europa 2020. La reducción de la pobreza y la exclusión social en España. *Papers*, 101(4), 503-526.
- Faura, Ú., García, O. e Lafuente, M. (2016b). Riesgo de pobreza o exclusión social: evolución durante la crisis y perspectiva territorial. *REIS*, 156, 59-76.
- Frazer, H., Guio, A.C., Marlier, E., Vanhercke, B. e Ward, T. (2014). Putting the fight against poverty and social exclusion at the heart of the EU agenda: A contribution to the Mid-Term Review of the Europe 2020 Strategy. *OSE Paper Series*, 15.

- García, X., Sánchez, P. e Vaamonde, A. (2007). *A pobreza en Galicia. Medición a través do equipamento dos fogares*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións.
- Gradín, C. (2015). A situación actual da desigualdade, a pobreza e a exclusión social en Galicia. *Cadernos*, 4, 11-27.
- Instituto Galego de Estatística (2018). *Enquisa estrutural a fogares: Metodoloxía*. Recuperado de <[https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_EEF\\_2018\\_gl.pdf](https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EEF_2018_gl.pdf)>.
- Instituto Galego de Estatística (2019). *Enquisa estrutural a fogares. Cohesión social* [Base de datos]. Recuperado de <[http://ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0205002&num\\_pag=11](http://ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0205002&num_pag=11)>.
- Instituto Nacional de Estadística (2019a). *Encuesta de condiciones de vida. Base 2013 – Año 2017* [Base de datos]. Recuperado de <[http://ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica\\_C&cid=1254736176807&menu=ultiDatos&idp=1254735976608](http://ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176807&menu=ultiDatos&idp=1254735976608)>.
- Instituto Nacional de Estadística (2019b). *Encuesta de Condiciones de Vida: Metodología*. Recuperado de <[http://www.ine.es/daco/daco42/condivi/ecv\\_metodo.pdf](http://www.ine.es/daco/daco42/condivi/ecv_metodo.pdf)>.
- Instituto Nacional de Estadística (2019c). *Padrón municipal de habitantes* [Base de datos]. Recuperado de <[http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/categoria.htm?c=Estadistica\\_P&cid=1254734710990](http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/categoria.htm?c=Estadistica_P&cid=1254734710990)>.
- Laparra, M. (2010). El impacto de la crisis en la cohesión social o el surf de los hogares españoles en el modelo de integración de la sociedad líquida. *Documentación Social*, 158, 97-130.
- Llano, J.C. (2018). *El estado de la pobreza. Seguimiento del indicador de pobreza y exclusión social en España 2008-2017 (8º Informe)*. Recuperado de <[https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/Informe\\_AROPE\\_2018.pdf](https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/Informe_AROPE_2018.pdf)>.
- Lois, R., Feal, A. e Paül, V. (2013). La dimensión territorial de la Estrategia Europa 2020: Las regiones europeas en la senda oficial para salir de la crisis. *Ería*, 93, 211-242.
- Martínez, R. e Navarro, C. (2014). *Pobreza y privación: Tendencias y determinantes*. Documento de trabajo 2.2. do VII Informe FOESSA. Recuperado de <[https://www.foessa2014.es/informe/uploaded/documentos\\_trabajo/15102014141427\\_415.pdf](https://www.foessa2014.es/informe/uploaded/documentos_trabajo/15102014141427_415.pdf)>.
- Ministerio de Economía y Empresa (2019). *Programa Nacional de Reformas de España 2019*. Recuperado de <<http://www.mineco.gob.es/stfls/mineco/prensa/ficheros/noticias/2018/PNR2019.pdf>>.
- Montes, X. (2007). A pobreza e a marxinación en Galicia. *Claridade*, 4, 19-26.
- Nolan, B. e Whelan, C. (2011). The EU 2020 Poverty Target. *GINI Discussion Paper*, 19.
- Roldán, E. (1992). El observatorio de la CE sobre a exclusión social y los servicios sociales. *Cuadernos de Trabajo Social*, 4-5, 307-316.
- Townsend, P. B. (1979). *Poverty in the United Kingdom: A survey of household resources and standard of living*. Harmondsworth: Penguin Books.



- Troitiño, Á. (2000). Desigualdade e benestar en termos de distribución persoal da renda. A situación galega no marco do Estado. *Revista Galega de Economía*, 9(2), 199-228.
- Troitiño, Á. (2007). Reflexións sobre a medición da pobreza: conceptos, resultados e actuacións. *Claridade*, 4, 33-44.
- Troitiño, Á. (2015). A pobreza e a súa medición: renda, prezos e desigualdade. *Cadernos*, 4, 5-10.